

II Duatlón Cros das Letras

Baio

1. Lugar da proba e data

Segunda edición do **Duatlón Cros das Letras**, organizada pola **Asociación de Veciños Tabeirón de Baio**, a través da súa sección **Tabeirón Deportivo** e que este ano sendo Proba do Circuito Galego de Duatlón Cros 2021 coorganizará a Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno coa colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte.

Celebrarase o vindeiro luns 17 de maio de 2021 na localidade de Baio, na provincia da Coruña.

Tanto a saída como a chegada celebrarase na Carballeira de Baio (<https://goo.gl/maps/y1CaqohnQEh2>).

2. Inscricións/200 prazas (10 reservadas)

Todas as inscricións realizaranse online na plataforma Federación Galega de Tríatlon: www.fegatri.org.

O período de inscricións **alongarase ata o día 11 de Maio ás 23:59**.

Debido á lexislación vixente, por mor do Covid-19, só poderán participar na proba deportistas **FEDERADOS** nas modalidades de Tríatlon ou na Federación Galega de Ciclismo (convenio FEGATRI), nados/as antes en 2003 e anteriores.

A cota de inscrición será de 15,00€ deportistas con licenza de Tríatlon, 17,20 € para deportistas con licenza galega de Ciclismo e 12,00€ para as invitacións.

Imprescindible, para que a inscrición de calquera deportista con licenza galega de ciclismo sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor e documento de protección de datos que se pode descargar na seguinte ligazón <http://fegatri.org/wp-content/uploads/2019/12/ficha-non-federados.docx>

Dita documentación debe enviarse á Federación Galega de Tríatlon fegatri@hotmail.com a través da plataforma de inscricións.

Lista de Espera- Se chegasen a completarse as prazas, abrirase unha lista de agarda por orde de chegada. Esta lista de agarda, xestionarase diariamente na FEGATRI comunicando por correo electrónico, a través da plataforma de inscricións, cos/cas deportistas da lista que entren na proba e indicándolles o prazo para formalizar a inscrición na lista de saída. O último movemento da lista de agarda será o mércores, 12 de maio, ás 14:00 h.

Baixas e política de Devolucións- As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon e P.M. a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións. As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) ou que non se axusten a regulamento, rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de listaxe de inscrición- O mércores anterior á proba publicarase a listaxe provisional de inscrición (esta admite reclamación cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparezan dadas na listaxe,...) É importante revisar a listaxe para ter opción a reclamar se houberse erro na mesma. A listaxe definitiva publicarase o venres anterior á proba, esta xa é firme e non admite ningún tipo de cambio.

3. Categorías

Establécense as seguintes categorías para o **Dúatlon Cros**:

- **Individual:** feminina e masculina

4. Horarios das probas

09:00: Apertura de Secretaría e control de accesos (identificación con licenza ou DNI)

09:00: Control de Material (ata as 9:50h.)

10:00: Saída da proba

13:30: Remate de proba

13:45: Entrega de premios

5. Normativas de Competición

A carreira réxese polas normativas vixentes do Regulamento Oficial de competición da Federación Española e Galega de Tríatlon, coas adaptacións realizadas polos protocolos federativos FISICOVID-DXT certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte .

<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

6. Protocolo preventivo da COVID-19

Segundo se recolle no protocolo FISICOVID-DXT de aplicación á proba, citado neste regulamento, é de obrigado cumprimento para todas as persoas da proba, o seguinte:

- Manter a distancia interpersonal de 1.5 m en todo momento, antes, durante e despois da práctica deportiva.

- Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- Evitar lugares concurridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.
- En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

Infórmase aos deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco de consecuencias graves en caso de contaxio e recoméndase unha maior toma de medidas preventivas pola súa parte.

7. Entrega de dorsais e cronometraxe

A entrega da bolsa de carreira faranse o mesmo día da proba na zona de saída dende as 8:30 ata media hora antes de cada saída.

Poderanse establecer tramos horarios de recollida ordenados por dorsal que serán publicados na reunión técnica online, de cara a evitar aglomeracións. Así mesmo, manterase sempre un fluxo único de movemento de deportistas para recoller o dorsal, co fin de facilitar o cumprimento das distancias de seguridade.

- Unha vez recollida a bolsa de dorsais, os deportistas deberán deixar a bicicleta, xunto co seu material na zona de transición, mínimo 10 minutos antes do inicio da proba. Este material será revisado polos/as oficiais. A bicicleta deberá quedar co manillar orientado ao corredor onde estea o dorsal e o casco deberá quedar colgado da bicicleta coas correas despechadas.

USO DO CHIP AMARELO DE CHAMPIONCHIP-MYLAPS

O chip é persoal e intransferible. Non se permite a utilización dun chip amarelo que esté asociado a unha persoa diferente ao titular da inscrición.

Toda persoa que teña en propiedade un chip amarelo pode facelo constar na inscrición facilitando o código de chip (7 caracteres alfanuméricos sen -) e considérase que vai facer uso do chip na proba. No caso de que non dispoña de chip amarelo debe facelo constar na inscrición e aboará 20 € por un chip amarelo co que poderá quedarse en propiedade, podendo empregalo en probas cronometradas con sistema Championchip-Mylaps, ou ben pode devolvelo, neste último caso faráselle unha devolución de 18 €, na semana seguinte á proba, a través do TPV de abono.

No caso de que un/unha deportista que na súa inscrición faga constar que é propietario/a de chip amarelo, se non o levase o día da proba, deberá aboar na carpa de cronometraxe 25 € por un chip amarelo que pode decidir quedarse con él, podendo empregalo en probas cronometradas con sistema Championchip-Mylaps, ou ben pode devolvelo, neste caso, aboaránselle 20 € no momento da súa devolución na carpa de organización.

8. Percorridos e Distancia

O **Dúatlon Cros** transcorrerá coa Carballeira de Baio como eixo central do seu desenvolvemento, pero no percorrido tamén teremos outras singulares paraxes. Logo de atravesar a agra baiesa subiremos cara ao Monte Castelo, desde onde se pode contemplar todo o val, para despois baixar á contorna do río, á beira do cal transcorrerán os últimos quilómetros.

Distancia Estándar.- como é habitual neste tipo de probas, 3 sectores, un primeiro sector de 6 km de carreira a pé, a continuación 21 km en bicicleta de montaña, e para rematar un último sector de 3,4 km de carreira a pé.



As transicións de todas as etapas faranse na mesma Carballeira, nas zonas habilitadas ao efecto.

A continuación detállanse os mapas e altimetrías dos distintos percorridos:

Primeiro tramo a pé:



Circuíto en bicicleta de montaña, dúas voltas.



Segundo tramo a pé:



Estes percorridos poden ser modificados pola organización, ou recortados segundo estime oportuno por condicións climatolóxicas ou outras causas.

8. Reunión técnica

Será publicada online na web da FEGATRI cos detalles técnicos a respectar e as horas de saída de cada dorsal o venres 14 de Maio.

9. Procedemento de saídas e transicións COVID-19

- Saída escalada de deportistas, de acordo ao protocolo FISICOVID-DXT da FEGATRI, saíndo cada 20", dende o seu caixón de saída, e cunha separación lateral de 2 metros entre deportistas. Entre cada grupo de 25 deportistas, haberá unha separación de 5 minutos para comezar coas seguinte saída.
- Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os/as oficiais e persoal de organización.
- Xusto antes de colocarse na liña de pre-saída, os/as deportistas poderán quitar a máscara e desbotala no contedor habilitado nese punto a tal efecto.
- Se un/unha deportista presente non toma a saída no momento que lle corresponde, quedará a xuízo de XA/DT permitirille ou non tomar despois a saída, como moi pronto na última quenda, e asignándolle en calquera caso o tempo de saída que inicialmente lle correspondía.

TRANSICIÓN:

- A circulación de deportistas dentro da transición, antes, durante e despois da competición será nun único sentido.
- Durante a competición os/as deportistas deberán entrar e saír da zona de transición coa bicicleta da man, sen montar na mesma. Un oficial indicará o lugar de montaxe e de desmontaxe.

CHEGADA A META:

- Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de pos-meta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que deberán colocar inmediatamente, depositarán os seus chips nos recipientes habilitados e pasarán a avituallarse e saír da zona de pos-meta. Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

10. Avituallamento

Haberá avituallamento líquido durante a carreira e líquido e sólido ao rematar a proba, de acordo ao protocolo FISICOVID-DXT da FEGATRI.

11. Obsequios e Trofeos

Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados tanto da categoría feminina como masculina individuais, así como ao primeiro clasificado do Concello.

12. Vestiarios

Segundo se establece no protocolo Covid-19 SUPRÍMENSE os servizos de vestiarios, duchas e gardarroupa.

Entregarase a cada deportista unha bolsa da mesma cor, para que poidan meter as súas pertenzas e deixala no seu espazo en transición.

13. Dereitos de imaxe

O/a participante autoriza ao uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se inscribe. Coa formalización da inscrición o/a participante admite que o organizador poida facer uso da súa imaxe en calquera formato, xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa banda a recibir compensación económica ningunha.

14. Aceptación do regulamento

Os/as participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión.

Formalizar a inscrición implica a aceptación deste regulamento. Calquera cuestión ou circunstancia non recollida nel será resolta pola organización.